Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 24 DE MARZO DE 2022 | JUEVES, 24 DE MARZO DE 2022 | BOP NÚMERO 57

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VALDOVIÑO

Anuncio de aprobación definitiva da modificación do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros

A N U N C I O

Aprobación definitiva regulamento servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros. Concello de Valdoviño

O Concello de Valdoviño, en sesión ordinaria plenaria de 4.03.21, aprobara provisionalmente a modificación do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Exposto ao público durante trinta días, presentaronse alegacións que foron resoltas polo Pleno da Corporación en sesión de data tres de febrero de 2022, estimando algunhas e desestimando outras, e aprobando con carácter definitivo a modificación do Regulamento citado, polo que se publica o seu texto íntegro aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, para poder ter entrada en vigor.

Anexo (texto íntegro)

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS

ÍNDICE

CAPÍTULO I.–OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E CONDICIÓNS DE SERVIZO

Artigo 1.–Obxectivo

Artigo 2.–Servizo público

Artigo 3.–Obrigas do concesionario

Artigo 4.–Dereitos do concesionario

Artigo 5.–Obrigas do aboado. Fugas

Artigo 6.–Dereitos do aboado

Artigo 7.–Reclamacións ao concesionario

CAPÍTULO II.–SUBMINISTRO DE AUGA, CONEXIÓN DE VERTIDOS E PÓLIZA DE ABONO

Artigo 8.–Documentación a presentar

Artigo 9.–Unidades de edificación

Artigo 10.–Extensións de rede, urbanizacións e constitución de servidumes

Artigo 11.–Subministro provisional e de obra

Artigo 12.–Titular do contrato

Artigo 13.–Altas e baixas nos servizos

Artigo 14.–Tipos de subministros

Artigo 15.–Causas de suspensión de subministros

Artigo 16.–Reservas de auga

Artigo 17.–Grupos de presión

Artigo 18.–Instalación interior

Artigo 19.–Sistemas contra incendios

Artigo 20.–Acometidas eventuais

Número de anuncio 2022/1491

CAPÍTULO III.–SERVIZO DE ABASTECEMENTO E REDE EN SUMIDOIROS
Artigo 21.–Acometida en redes
Artigo 22.–Autorización, servizo en precario, acometidas simultáneas
Artigo 23.–Tramitación das autorizacións de acometida
Artigo 24.–Subministro a unha urbanización
Artigo 25.–Custo de mantemento das acometidas
Artigo 26.–Tipo de contador
Artigo 27.–Contadores: colocación e custo mantemento
Artigo 28.–Contadores: obrigas, situación
Artigo 29.–Contadores: lectura
Artigo 30.–Contadores: desconformidade coa lectura
Artigo 31.–Contadores: outros contadores, precintos, retirada
Artigo 32.–Contadores: lectura, periodicidade

CAPÍTULO IV.–SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS
Artigo 33.–Facultades do concesionario
Artigo 34.–Obriga de conexión. Fosas sépticas
Artigo 35.–Conexións
Artigo 36.–Instalación interior. Bombeo
Artigo 37.–Vertido doutras augas
Artigo 38.–Normativa técnica
Artigo 39.–Acometidas e prolongación da rede
Artigo 40.–Arqueta de rexistro. Limpeza acometida
Artigo 41.–Comprobacións previas
Artigo 42.–Modificación de acometidas. Obras clandestinas
Artigo 43.–Instalacións en terreos privados
Artigo 44.–Conexións provisionais
Artigo 45.–Tipos de augas residuais. Condicións.
Artigo 46.–Suspensión de vertidos. Prohibicións
Artigo 47.–Vertidos prohibidos
Artigo 48.–Infraccións
Artigo 49.–Autorización vertidos industriais. Procedemento
Artigo 50.–Rede interior. Obrigas
Artigo 51.–Industrias
Artigo 52.–Análises dos vertidos
Artigo 53.–Toma de mostras

CAPÍTULO V.–RÉXIME ECONÓMICO
Artigo 54.–Consumos
Artigo 55.–Determinación do consumo en caso de avaría
Artigo 56.–Precintado de contadores
Artigo 57.–Conservación do contador
Artigo 58.–Suxeito pasivo

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 59.–Suxeito pasivo

Artigo 60.–Información ao usuario

Artigo 61.–Devolución de ingresos indebidos

Artigo 62.–Reclamación

Artigo 63.–Vixilancia

Artigo 64.–Baixa

Artigo 65.–Inspeccións

Artigo 66.–Tipos de fraude. Liquidación

Artigo 67.–Sanción

Artigo 68.–Control do concesionario. Reclamacións

Disposición derrogatoria

Disposición derradeira primeira

Disposición derradeira segunda

Entrada en vigor

CAPÍTULO I.–OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E CONDICIÓNS DE SERVIZO

Artigo 1.–Obxectivo.

1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas respecto ás unidades de prestación dos servizos de subministración de auga potable e rede de sumidoiros no termo municipal de Valdoviño e as súas características, regular as relacións entre a empresa concesionaria e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas e o réxime de infraccións e sancións.

2. Aos efectos de simplificación, no presente Regulamento denomínase "aboado" ao usuario que teña contratado o servizo de augas e/ou conexión á rede de sumidoiros. O aboado debe ser titular do dereito de uso da parcela, local ou industria.

3. Para efectos do presente Regulamento denomínase "concesionario" ao adxudicatario da xestión integral do servizo municipal de auga e rede de sumidoiros e depuración do Concello de Valdoviño.

Artigo 2.–Servizo público.

1. O servizo de abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros e depuración do Concello de Valdoviño seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Concello de Valdoviño.

2. Os servizos a que afecta este Regulamento quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello de Valdoviño, quen poderá revisar os traballos realizados polo concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos mesmos.

Artigo 3.–Obrigas do concesionario.

Corresponde ao concesionario, cos recursos e instalacións existentes no servizo na data de aprobación do presente regulamento:

a) Planificar, proxectar, executar (sen prexuízo das iniciativas do propio concello) , conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do concello de Valdoviño, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para a súa vertedura ás canles públicas de acordo as condicións que se fixan neste Regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ao efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen polo propio concesionario ou lle sexan asignados.

A incorporación ao servizo de obras e instalacións con posterioridade ao comezo da concesión esixirá a recepción das mesmas polo Concello e a firma da acta polo concesionario de adscrición das mesmas ao servizo.

Incumbe ao concesionario a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas ao abastecemento e rede de sumidoiros e depuración de augas, que sexan executadas polo Estado, a Xunta de Galicia ou outras Administracións, unha vez se produza a súa entrega ao Concello de Valdoviño e a adscrición aos citados servizos.

Número de anuncio 2022/1491

b) A tramitación e execución de acometidas de subministración de auga e á rede de sumidoiros a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este Regulamento e fosen aprobadas pola corporación municipal.

c) Subministrar auga aos usuarios, garantindo a súa potabilidade de acordo ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada con carácter xeral, como inicio da instalación interior do aboado) así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais dende a arqueta situada no límite da propiedade do aboado co dominio público.

d) O concesionario deberá cubrir na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguros na contía recollida no contrato da concesión.

e) Dispoñer dun servizo permanente para recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo, cun rexistro de chamadas e avisos.

f) Informar ao aboados, sempre que se sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no contrato de subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

g) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación que os aboados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

h) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo de 15 días.

i) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes ao abastecemento e rede de sumidoiros que, en cada momento se teñan aprobadas.

j) Facilitar os datos de caudal e presión aos futuros aboados que servirán de base para dimensionar as instalacións particulares.

Artigo 4.–Dereitos do concesionario.

Ademais dos dereitos que ao concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesionario, con carácter xeral, este terá os seguintes dereitos.

a) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, se atopen ou poidan atoparse en servizo.

b) Cobrar aos usuarios a totalidade das tarifas fixadas nas ordenanzas vixentes.

c) Percibir nas súas oficinas ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos aboados, o importe das facturacións ou cargos, que debidamente autorizados, corresponda pagar aos aboados e usuarios polas prestacións que realizara o concesionario.

Artigo 5.–Obrigas do aboado. Fugas.

Son obrigas do aboado:

a) Todo aboado virá obrigado puntualmente a aboar os cargos que o concesionario lle formule de acordo aos prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente Regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos nos que os mesmos se orixinen por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación nas instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ao concesionario.

Non obstante o anterior, no suposto en que se produza unha fuga por un feito fortuíto de difícil detección, non atribuíble á neglixencia do cliente e a condición de que este acredite que solucionou a incidencia achegándolle á entidade subministradora ou ao concello unha declaración responsable asinada polo cliente, na que se describa e se xustifique a reparación da fuga, na cal debe constar como mínimo unha fotografía previa á reparación na que se vexa claramente a avaría e o punto no que se produce, informe detallado da reparación e do punto exacto da mesma (preferiblemente asinado por instalador homologado) , así como foto da tubaxe unha vez reparada, a entidade subministradora aplicará na factura correspondente as medidas redutoras fixadas no artigo 55 deste regulamento.

Terá consideración de fuga fortuíta de difícil detección aquela que se produza nas instalacións particulares do aboado e cuxo deseño da instalación non permita a súa detección a simple vista; quedando excluídas aquelas fugas correspondentes ao mal funcionamento dos sistemas de peche, tanto en billas como en sanitarios, electrodomésticos ou maquinaria privados do aboado.

O prazo para solicitar a bonificación por causa de fuga accidental será máximo de 2 períodos posteriores á posta ao cobro do recibo afectado.

Número de anuncio 2022/1491

Fíxase o período máximo de aplicación da bonificación en caso de fuga e o número máximo de reclamacións que se podan presentar:

– Limítase a 2 trimestres de facturación o período máximo de bonificación en caso de fuga e limitar a 1 caso cada 2 anos por usuario, o número de fugas bonificada.

Será necesario a presentación do Boletín de Instalación ou documento que o substitúa para acreditar as instalacións, no caso de aplicar a bonificación por fuga fortuíta

Definición de volume desproporcionado e prazo para amaño de fuga. Para estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel que reúna os seguintes requisitos:

– Que o volume facturado sexa superior ao quíntuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

– Que o contribuínte tome as medidas necesarias para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura de auga correspondente ao período en que se produciu a fuga.

b) Respectar as instalacións que integran a infraestrutura dos servizos, redes de distribución de auga potable e evacuación de augas residuais e acometidas correspondentes, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas por persoal non autorizado.

c) Proporcionar ao concesionario os datos interesados polo mesmo, en relación co contrato de subministro e as variacións que poidan presentarse.

d) Manter as súas instalacións de xeito que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento e rede de sumidoiros, e utilizar de forma correcta as instalacións do servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas en forma axeitada, mantendo intactos os precintos que garantan a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de acometida e garantindo as condicións idóneas para as lecturas de consumo.

e) Os aboados deberán a favor do interese xeral e no seu propio, comunicar ao concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdidas de presión, vertidos incontrolados, etc.) que, ao seu xuízo se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Analogamente, deberán comunicar ao concesionario a existencia de obstrucións na rede de rede de sumidoiros que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, cheirumes ou calquera tipo de molestias aos cidadáns.

Igualmente, deberán notificar ao concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser: causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

f) Cumprir as limitacións e prioridades que o concello estableza no uso e consumo de auga, así como da rede de sumidoiros.

g) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, aos empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións e suspensión de subministro.

h) Os aboados non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuitamente ou de forma remunerada, auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza no subministro ben por si ou por persoa que de el dependa.

i) Os aboados están obrigados, con permiso municipal previo, a solicitar da empresa a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique modificación no número de receptores ou cambio no uso da auga. Tramitarse un expediente de ampliación da acometida na que se farán constar, por parte do concesionario, os requirimentos de índole técnico que se precisen (ampliación de rede, necesidade de establecer mallas, etc.)

j) Cando o aboado desexe causar baixa no subministro estará obrigado a comunicar da empresa dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintar o mesmo e facturar o consumo correspondente.

k) Cando nunha mesma parcela, xunto a auga do servizo municipal existira auga doutra procedencia o aboado virá obrigado a informar ao concesionario de tal circunstancia, así como a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evitar a entrada desa auga na rede xeral, necesitando o visto e prace do concesionario.

O concesionario non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores, advertíndose aos aboados da responsabilidade en que poidan incorrer de producirse por retroceso a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

Número de anuncio 2022/1491

l) O aboado baixo a súa exclusiva responsabilidade, intransferible a terceiras persoas non poderá:

1. Inserir nas tubarias de abastecemento, sen previa autorización do concesionario, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno, e consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros aboados.

2. Revender ou ceder, incluso a título gratuíto, a auga subministrada polo concesionario.

3. Modificar os accesos aos contadores e aparellos de medidas, sen comunicación escrita ao concesionario.

4. Utilizar a auga do servizo público para fins distintos aos contratados.

5. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas, sen supervisión do concesionario.

6. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos. Neste caso a concesionaria poderá interromper o subministro de auga de forma inmediata.

7. Ocasionar voluntariamente ou por conduta neglixente fugas de auga.

8. Romper ou alterar os precintos nos aparellos de medida.

Artigo 6.–Dereitos do aboado.

Serán dereitos dos aboados:

a) Recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

b) Dispoñer permanentemente do subministro de auga potable no subministro de auga potable de acordo as condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente Regulamento e as demais disposicións de aplicación.

c) Ser informado de todas as cuestións derivadas de prestación e funcionamento do servizo en relación ao subministro, así coma recibir contestación por escrito, cando así o solicite, no prazo de 15 días previsto ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

d) Visitar, sen afectar ás existencias da explotación e sempre previa solicitude ao concesionario, as instalacións para tratamento de auga e depuración de residuais, establecendo o concesionario, baixo a súa responsabilidade e criterio, os momentos mais axeitados para garantir a menor interferencia coa prestación de servizo.

e) A presentar ante o concello escritos de reclamación contra os actos do concesionario, no prazo de quince días.

Artigo 7.–Reclamacións ao concesionario.

1. O persoal do concesionario irá provisto obrigatoriamente dun documento expedido por el, no que consten os datos de identificación persoal e da súa credencial profesional coa empresa.

2. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo no prazo de quince días, mediante escrito dirixido á Alcaldía ou ben ao propio concesionario.

3. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo o reclamante deberá acreditar a condición de aboado.

4. As reclamacións que se formulen por danos e perdas que se causen polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extra contractual.

CAPÍTULO II.–SUBMINISTRO DE AUGA, CONEXION DE VERTIDOS E PÓLIZA DE ABONO

Artigo 8.–Documentación a presentar.

Denomínase póliza de abono ao contrato subscrito entre o concesionario e o aboado, que inclúe os termos e condicións pactados para o subministro de auga e a prestación do servizo de conexión á rede de sumidoiros.

Para a petición do subministro:

1. O usuario acreditará a súa condición de receptor do subministro mediante documento suficiente.

2. No caso de vivenda nova o usuario presentará a licenza municipal de primeira ocupación (ou solicitude desta) e referencia catastral do inmoble (ou copia da solicitude de alta catastral) .

Número de anuncio 2022/1491

3. No caso dun enganche de obra o peticionario presentará a licenza para a mesma, realizándose un contrato de auga/conexión de vertido que terá a mesma vixencia da licenza de obra. No momento de finalizar a construción deberase solicitar o enganche definitivo aos servizos, achegando a documentación descrita no apartado 20 anterior.

4. No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará o título habilitante municipal que ampare a actividade.

En ningún caso se procederá ao subministro se non están realizados os anteriores requisitos.

Nos casos en que estea constituída unha comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de aboamento xeral.

Non se subscribirá contrato de subministro a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fose a situación do novo subministro solicitado de acordo as responsabilidades reflectidas no artigo 12 punto 1.

Baixo ningún concepto se farán concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir, agás as expresamente recoñecidas no prego de condicións da concesión.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran tódolos requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, agás no especificado no artigo 11.

Artigo 9.–Unidades de edificación.

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable e de evacuación de augas residuais deberá presentarse de xeito independente, para cada parcela que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Considéranse unidades de edificación independentes, as vivendas unifamiliares e os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dun subministro de auga ou dun colector de vertidos por outra parcela ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertenzan ao mesmo dono. No caso de segregacións, divisións ou acumulacións, aínda que non estiveran rexistradas oficialmente, deberán comunicarse por parte do propietario estas circunstancias ao concesionario, para a modificación das condicións de acometida e, no seu caso, da póliza de servizo.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmoble poderá contratar á súa costa, acometidas independentes ou reforzala existente.

Artigo 10.–Extensións da rede, urbanizacións e constitución de servidumes.

1. As extensións das redes de abastecemento e/ou rede de sumidoiros para edificacións novas ou antigas que non a posúan serán a cargo do aboado e pasarán á rede municipal, tendo en conta o especificado no artigo 23.

Neste senso e con carácter xeral, precisarase ampliar a rede existente nos seguintes casos:

– Cando a lonxitude da cometida supere os 10,00 m.

– Cando para subministrar ao peticionario se precise cruzar unha vía pública.-

– Cando entre o punto final de rede e o solicitante fose susceptible un novo subministro.

En calquera caso as solicitudes de subministro xerarán un informe por parte do concesionario no que se detallarán e xustificarán os requirimentos de carácter técnico que se precisen.

Estudarase particularmente as condicións técnicas daquelas prolongacións dos servizos, cando non exista posibilidade de continuidade dos mesmos.

2. As ampliacións das redes poderán ser executadas tanto polo concesionario, a cargo do promotor, coma por calquera empresa contratada por este. Neste último caso requirirase igualmente, antes do inicio das obras, da aprobación por parte do concello da preceptiva documentación técnica que será facilitada polo promotor e do informe favorable do concesionario (que será emitido no prazo máximo de 15 días, aplicándose o silencio positivo) . As obras de ampliación serán dirixidas por técnico competente.

3. As instalacións das redes de abastecemento e de sumidoiros propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con subxección ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo concello e previo informe favorable do concesionario que poderá incorporar esixencias en canto a materiais e dotacións,

Número de anuncio 2022/1491

incorporándose á rede municipal salvo as excepcións contempladas neste regulamento. A posta en servizo, así como a conexión á rede existente será realizada polo concesionario a cargo do promotor.

4. Aos efectos deste regulamento entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación de infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou solares nos que se divida o terreo, como se se executaran para unir a urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servizos.

5. O permiso de acometida de subministro e conexión á rede de sumidoiros para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles situados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

– Os esquemas das redes interiores de distribución e rede de sumidoiros, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido informadas polo concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executadas por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono e con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou que previra a tal fin, o propio concello.

– As obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que convenientemente autorizadas polo concesionario, sexan introducidas posteriormente, executaranse por conta do promotor ou propietario e sempre baixo a dirección dun técnico deste último.

– O concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento ou conexión á rede de sumidoiros nos posibles edificios, solares ou parcelas da mesma o cal é competencia exclusiva do concesionario.

7. Una vez rematadas as instalacións serán verificadas polo concesionario e se as encontrara conformes, informará ao concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento e conexión á rede de sumidoiros, unha vez que lle sexa ordenado polo concello.

A rede da urbanización poderá seguir sendo privada no caso de colocación dun contador xeral á entrada da mesma con tanto mínimos e/ou cotas de servizo e mantemento como vivendas e puntos de consumo da comunidade como existan na urbanización, ou pasará a propiedade municipal no caso de que se queira a colocación de contadores individuais en cada unha das vivendas e puntos de consumo comunitarios.

Poderá denegarse a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

b) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas

c) Cando a cota de vertido do inmoble para o que solicita a acometida á rede de sumidoiros sexa inferior á rede de condución xeral correspondente, agás que o propietarios instale á súa costa o sistema de bombeo axeitado.

d) Cando algunha parte das instalacións xerais (rede xeral de abastecemento de auga elou colector xeral da rede de sumidoiros) deba discorrer pola propiedade de terceiros sen que se acredite a constitución da servidume de paso a favor do concello, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

e) Cando a presión no punto de acometida do abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo e non se houbera instalado, a cargo do aboado o grupo de elevación.

f) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo e non se instalara a cargo do aboado as medidas de redución de presión axeitadas.

8. A posibilidade de executar as instalacións xerais pola propiedade de terceiros, constituíndo unha servidume de paso a favor do concello inscrita no Rexistro da Propiedade, poderase facer extensiva de forma excepcional, para as acometidas particulares (tanto á rede de abastecemento como de sumidoiros) , sempre que se acredite a imposibilidade de executar ditas conexións na fronte das parcelas por inexistencia das redes xerais, se autorice expresamente por parte do concello e se constitúa unha servidume de paso a favor do solicitante, inscrita no Rexistro da Propiedade.

As avarias , fugas ou obturacións que se produzan no tramo das acometidas que descorran por propiedades de terceiras persoas serán responsabilidade do solicitante. A chave de rexistro da acometida e arqueta de sumidoiros localizarase

Número de anuncio 2022/1491

no límite da propiedade que autorice a cesión. Constituirase tamén unha cesión para a situación do equipo de medida do consumo de auga.

Artigo 11.–Subministro provisional e de obra.

1. Excepcionalmente, o concesionario poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras.

Estas tomas concederanse sempre en precario, previa presentación da licenza municipal, rexéndose polas mesmas condicións xerais establecidas máis a que se poida determinar particularmente para este caso.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ao rematar as obras, o construtor comunicará este feito ao concesionario e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose o subministro polas condicións xerais establecidas ou polas que se poidan establecer atendendo ao carácter e finalidade do mesmo.

3. Ata a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o construtor ou solicitante autorizado o responsable de aboar toda a auga consumida, a que se facturará a tarifa de obra, independentemente do uso que teña.

Artigo 12.–Titular do contrato.

1. O contratante do subministro e conexión á rede de sumidoiros será o titular ou titulares da parcela, local ou industria a abastecer ou quen o represente legalmente, agás as excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización escrita e suficiente da propiedade. Esta autorización implicará a asunción por parte do propietario das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ao concesionario, en caso de incumprimento do contrato de subministro e conexión á rede de sumidoiros por parte do inquilino.

2. Todo subministro solicitado ou concedido destinarase exclusivamente aos usos para os que houbera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o aboado previamente ao concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

3. Nos casos de cambio de titularidade da parcela, local ou industria abastecidos e cando sexa o propietario o aboado titular do contrato de subministro, ambos os dous deberán comunicar de xeito que faga fe dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular. Sempre tendo en conta o referido no artigo n..º 8.

4. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministro foran os inquilinos o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario a que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo por outra semellante ao seu nome. E procederase á subrogación do contrato ou á alta e baixa.

Se houbera modificación da propiedade da parcela, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministro e conexión á rede de sumidoiros, o novo propietario entenderase inexcusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar ao concesionario os inquilinos do inmoble, cando non os houberan asumido estes.

5. Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

6. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal ou título habilitante.

Artigo 13.–Altas e baixas nos servizos.

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado subscrición da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do bimestre/trimestre no que comece o desfrute do servizo e coa facturación correspondente ao bimestre/trimestre completo.

Cada vez que se produza unha alta pagaranse as taxas municipais de acordo co establecido na Ordenanza Fiscal.

As baixas solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude e previa comprobación e pago das facturas pendentes e do trimestre en que se solicita a baixa, pasarase orde para corte de subministro e precintado da chave de paso.

Artigo 14.–Tipos de subministros.

A prestación do servizo clasificarase segundo o especificado na Ordenanza Fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

Número de anuncio 2022/1491

1. **Usos domésticos.**–Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación de alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente aos locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional nin de servizos de calquera tipo.

2. **Usos comerciais e industriais.**–Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción ou nos que se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene nun establecemento profesional, comercial, industrial ou de servizos.

Adicionalmente, terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizará o servizo Municipal ou os laboratorios autorizados ao efectos, se determinara unha contaminación improcedente das augas residuais sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrera o actuante.

3. **Usos municipais.**–Son aqueles que corresponden aos edificios, instalacións municipais e eventos municipais.

O concesionario instalará contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que afecten a cargo do concello, calculándose polos servizos técnicos do concesionario os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador

Non se considerarán consumos municipais os de aquelas dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

4. **Uso para obras.**–Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

5. **Usos especiais.**–Considéranse subministros especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

Con carácter xeral non se poderán realizar conexións particulares aos servizos municipais obxecto deste regulamento, en parcelas vacantes de edificación.

Artigo 15.–Causas de suspensión de subministros.

1. Para a suspensión do servizo de abastecemento a un aboado, o concesionario deberá seguir os trámites legais previstos o efecto.

A utilización inadecuada por parte dun aboado do servizo de rede de sumidoiros poderá ocasionar a suspensión do servizo de abastecemento, como medida cautelar complementaria.

2. O concesionario poderá suspender o servizo de abastecemento elou conexión á rede de sumidoiros a un aboado nos seguintes casos:

a) Se non satisfai, puntualmente o importe dos servizos conforme ao estipulado na ordenanza fiscal.

b) Por falta de pago, das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude ou no caso probado de reincidencia no mesmo.

c) En todos os casos en que o aboado empregue a auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.

d) Cando o aboado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga ou evacuación de residuais a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo, aínda sendo da súa propiedade.

e) Cando o aboado non permita a entrada no local a que afecta a póliza de servizo en horas de servizo , en horas hábiles ou de normal relación co exterior ao persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da súa correspondente documentación acreditativa, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade.

f) Por neglixencia do aboado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

g) En caso de realizar vertidos non autorizados que poidan producir danos nas instalacións das redes de sumidoiros ou depuración, aténdose o concesionario á lexislación vixente.

h) En caso de que o aboado utilice a auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando por causas excepcionais o concello prohiba os consumos para estes usos e así o dispoña mediante bando.

13. Os gastos orixinados polo restablecemento serán por conta do aboado, que non recuperará o servizo ata que non proceda ao seu pagamento.

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 16.–Reservas de auga.

1.O concesionario poderá propoñer ao Concello o establecemento de condicións e prioridade no uso da auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución de auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, comunicando as medidas adoptadas a través dos medios de difusión máis axeitados, a súa previsible duración e as razóns que levaron a adoptalas, sen prexuízo da normativa xeral de seguridade civil que sexa de aplicación.

2. Os aboados que prevexan utilizar a auga para alimentar aparellos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión no subministro, en todos os locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas e bens e especialmente, en centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles, e grandes centros comerciais deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade suficiente e adoptar en xeral as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo, sen prexuízo do que estableza as regulacións específicas de cada sector.

Igualmente as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos deberán dispoñer de depósitos de reserva, de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante ao menos 24 horas.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos, que polas súas características especiais deberán proverse de medios de reserva.

3. O concesionario non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministro motivada por avarías ou pola normal manipulación da rede.

Artigo 17.–Grupos de presión.

1. En todos os edificios que por albergar un alto número de usuarios, se comprobe que o caudal capaz de circular pola cometida poida ser insuficiente para garantir un correcto subministro, deberase ampliar a rede xeral existente, atendendo aos requisitos técnicos do concesionario, cando de aplicación o dito no artigo 23. Se o problema fose de presión, debido á elevada altura do inmoble este deberá dotarse de grupos de elevación que alimentándose de depósitos acumuladores garantan a presión a todas as alturas. Dito depósito deberá ser controlado a través do aparato contador, sendo a cargo do aboado a instalación e mantemento dos equipos correspondentes.

2. Como medida de hixiene e control, recomendase que estes depósitos dispoñan dos medios axeitados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugadoiro e tubo de ventilación.

O baleirado do depósito de reserva irá conectado á rede de sumidoiros.

Artigo 18.–Instalación interior.

1. Enténdese por instalación interior do abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de acometida, sita no exterior da propiedade do aboado.

2. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior.

3. O propietario realizará ao seu cargo coa maior rapidez que lle sexa factible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das avarías que se presenten a partir da chave de rexistro. O concesionario, se a gravidade da avaría o esixira procederá ao corte de subministro de xeito cautelar ata que se efectúe a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de reiniciar o servizo.

4. Se a xuízo do concesionario ou de técnico competente se determinase que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións ou ameaza de danos graves o concesionario poderá, previa comunicación ao Concello, suspender o subministro de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. Neste caso, como naqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concesionario poderá repercutir ao aboado os gastos nos que se incorrese, debidamente xustificados.

Artigo 19.–Sistemas contra incendios.

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contra incendios esixirá a firma dun contrato específico entre o concesionario e aboado. En calquera caso o mantemento do sistema correrá a cargo do aboado.

2. Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estará polo tanto suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles, contará con unha acometida e contador específico . A utilización da rede contra incendios será unicamente con este fin.

Número de anuncio 2022/1491

3. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal do concesionario, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De terse utilizadas na extinción dun incendio o aboado debe poñelo en coñecemento do concesionario co fin de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas, así como en todo caso que teña desaparecido o precinto correspondente.

4. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na parcela en que se instala e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

5. Nas instalacións contra incendios non se xirará cargo algún derivado do maior ou menor consumo de auga, nin polos vertidos da mesma á rede de rede de sumidoiros, nin pota súa utilización en caso de incendio. De ser necesaria a utilización das bocas de incendio facturarase exclusivamente poio concepto de dispoñibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento.

Artigo 20.–Acometidas eventuais.

1. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións eventuais que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da Entidade Pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

2. Cando o solicitante sexa o contratista da obra, deberá constituír previamente ante o concesionario, se éste o estima necesario, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ao dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidrante.

A constitución deste deposito e o dereito a utilizar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito será devolto ao contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, senón se produciran danos.

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario instalara ao efecto, sendo a contía como máximo a reflectida pola ordenanza fiscal correspondente a subministro Industrial.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo a utilización das bocas de rego ou hidrantes só estará permitida aos servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais.

CAPÍTULO III.–SERVIZO DE ABASTECEMENTO E REDE DE SUMIDOIROS

1.–ACOMETIDAS

Artigo 21.–Acometidas e redes.

a) Enténdese por acometida de abastecemento, o ramal que partindo dunha tubaxe da rede de distribución conduza a auga ata ao paramento vertical do edificio ou ao límite da propiedade que se desexa abastecer. Esta acometida comprende dende o colariño de toma na tubaxe xeral ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro na vía pública. Estará formada por unha tubaxe única de características específicas segundo o caudal e presión de auga a subministrar e a súa lonxitude terá un valor máximo de 10,00 m (artigo núm. 10) .

b) Enténdese por acometida á rede de sumidoiros o colector das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende a arqueta situada no límite da parcela ou propiedade privada ata o pozo de rexistro da rede de sumidoiros ao que estea conectado.

Nas instalacións onde puidera faltar o pozo de rexistro entenderase que a acometida remata, excepcionalmente no colector xeral.

As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do aboado.

A efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de sumidoiros á que estea conectada a acometida e ata o pozo de rexistro onde se produza o entronque da mesma. Os custos de mantemento, limpeza, desobstrución, substitución e reparación da acometida á rede de sumidoiros serán a cargo do aboado, salvo no caso de existir na ordenanza correspondente cota de conservacións da acometida.

No caso de execución de acometidas clandestinas por parte do propietario, suspenderase o servizo ata que teña a autorización correspondente e unha vez aprobada aboará os custos totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

Número de anuncio 2022/1491

c) Denomínase rede de distribución de auga potable ao conxunto de tubaxes cos seus elementos de manobra, bombeos, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuír a auga á poboación.

d) Denomínase de rede de sumidoiros ao conxunto de colectores, sumidoiros e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas que serven para a evacuación de augas residuais ata a canle pública ou estacións depuradoras.

Artigo 22.–Autorización, servizo en precario, acometidas simultáneas.

a) O subministro de auga ou a autorización para vertidos das augas residuais será autorizado polo Concello e prestado polo concesionario con suxeición a este regulamento e demais disposicións de carácter xeral.

De calquera maneira os vertidos a canles públicas realizaranse sempre nas condicións e circunstancias e cos límites impostos na vixente lexislación de augas e costas.

b) O concesionario poderá establecer limitacións na prestación do servizo de subministro de auga ou para autorizar vertidos de augas residuais, ou realizar dito servizo en precario, cando as circunstancias do caso así o fagan aconsellable, segundo as condicións previstas no artigo correspondente deste regulamento.

c) Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministro de auga potable nin de vertido de augas residuais, tramitándose simultaneamente ambas solicitudes. As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ao mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

Artigo 23.–Tramitación das autorizacións de acometida.

A determinación das características das novas acometidas ou de ampliación do servizo dun inmoble, a súa instalación, conservación e manexo, serán sempre informadas polo concesionario, quen realizará en exclusiva os traballos e instalacións correspondentes a cargo do peticionario, en todo caso segundo os prezos aprobados polo Concello. Así mesmo o concesionario do servizo determinará as modificacións que na rede existente deben efectuarse como consecuencia da petición de ampliación e/ou reforzo e que tamén satisfará o peticionario, entendéndose que esta modificación pertence a todos os efectos ao patrimonio municipal. Caso de non aboar o solicitante esta modificación non se procederá ao subministro.

Toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertido de augas residuais, fará unha solicitude ao concesionario o cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión, posteriormente esta solicitude informada polo concesionario remitirase ao concello para a súa aprobación. Estes traballos serán competencia exclusiva do concesionario.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación referida no artigo 8.

Artigo 24.–Subministro a unha urbanización.

No caso de solicitude de subministro a unha urbanización poderá facerse de dous modos distintos:

1.º. Se os propietarios da urbanización desexan que a rede xeral interior siga sendo privada, instalarase un contador xeral no límite da rede municipal e facturarase a nome da comunidade o importe da lectura do mesmo, con tantos mínimos elou cotas de servizo e mantemento como vivendas e puntos de consumo comunitario existan no interior da urbanización.

Neste caso, todas as avarías que se produzan a partir do contador xeral serán por conta da comunidade. Sendo de aplicación o indicado no artigo núm. 15 ao considerarse a urbanización un só subministro.

2.º. Se queren instalar contadores individuais de consumo, terán que ceder a rede xeral que pasará a ser propiedade municipal, aplicándose a cada vivenda o especificado neste regulamento, procedéndose por parte do servizo á instalación das acometidas individuais e os contadores correspondentes, así como os dos consumos comunitarios que serán facturados á comunidade.

Artigo 25.–Custo de mantemento das acometidas.

Se na ordenanza municipal estivese prevista cota de conservación de acometidas de abastecemento, as reparacións das avarías nas acometidas e que sexan debidas ao seu normal uso corresponderán ao servizo de augas sen que se produza cargo algún ao aboado por este motivo; se esta cota non existise a reparación das avarías deberán ser aboadas polo propietario da acometida .

Se a avaría fose debida a outras razóns diferentes ás do seu normal uso, a reparación ou substitución será realizada polo servizo de augas e facturarase ao aboado o importe da reparación.

2.–CONTADORES

Artigo 26.–Contadores: tipo de contador.

Os contadores ou medidores de caudais do subministro de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de Industria ou organismos competentes e como mínimo de clase metrolóxica tipo B.

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 27.–Contadores: colocación e custo mantemento.

1. A colocación e instalación de contadores realizarase exclusivamente polo concesionario, correndo os gastos por conta do aboado.

2. No caso de existencia de cota de conservación de contadores, a substitución ou reparación dos inutilizados ou avariados polo seu normal uso ou antigüidade corresponderá ao concesionario. De non existir esta cota os gastos correspondentes serán por conta do aboado.

3. No caso de non existir cota de conservación de contador, a substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu uso normal (xeadas, actos vandálicos, etc.) será por conta do aboado, neste caso notificarase por escrito dándolle un prazo de 7 días para comparecer nas oficinas do servizo e aboar o importe correspondente á reparación ou substitución. De non facelo así, procederase á suspensión do subministro seguindo o procedemento legalmente establecido.

Artigo 28.–Contadores: obrigas.

1. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial (independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ao exercicio profesional ou a prestación de calquera servizos) disporá dun contador individual.

2. Cando no mesmo edificio exista máis dun usuario cada un deberá ter contador independente.

No caso de instalacións antigas de comunidade de propietarios con contador xeral, o mínimo de abono obrigatorio e cotas de servizo e/ou mantemento será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cotas como número de vivendas ou locais constitúan a comunidade, incluído os subministros a servizos propios da mesma.

A comunidade de propietarios será a responsable do pago do recibo correspondente.

O contador que estará verificado pola Delegación de Industria, será propiedade do aboado e será colocado no seu emprazamento definitivo unicamente polo Servizo.

Aos subministros existentes sen contador do caudal estableceráselles un prazo máximo de 30 días para instalación de dito aparello, durante o que se facturará o estimado polo servizo en función das características do subministro e polo menos o dobre do mínimo marcado pola Ordenanza en cada tipo de subministro. Pasado dito período procederase ao expediente de suspensión de subministro en caso de que non sexa aboado ao Servizo. No caso dun consumidor clandestino a suspensión de subministro farase no momento no que se detecte dito consumo clandestino.

Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministros (doméstico, industrial, hoteleiro, etc.) instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido ás esixencias técnicas só se pode instalar un, o consumo total tarifarase de acordo á tarifa máis alta correspondente aos englobados no contador único.

O tempo establecido será dun máximo de 30 días.

Non se permitirá estender un mesmo subministro a varias parcelas ou edificacións aínda no caso de estar contiguas e pertencer ao mesmo dono.

Os contadores estarán colocados no lugar axeitado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á parcela de que se trate e sempre no exterior da propiedade, tendo que ser lexible dende a vía pública. No caso de vivendas colectivas situaranse nun compartimento ou caixa, nun lugar de uso común do edificio mediante o sistema chamado de batería ou semellante, de tal xeito que o empregado lector do servizo poida libremente anotar as indicacións de todos os contadores nun só acto.

Os contadores situados no interior das vivendas serán trasladados ao exterior ou ao límite da propiedade no prazo máis breve posible.

Artigo 29.–Contadores: lectura.

O aboado estará obrigado a facilitar o acceso ao contador ao persoal do concesionario, quen deberá levar a oportuna identificación.

A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as 8:00 e as 20:00 horas.

Artigo 30.–Contadores: desconformidade coa lectura.

No caso de que un aboado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ao rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa revisión ao concesionario.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

Número de anuncio 2022/1491

No caso de verificación de funcionamento correcto, a concesionaria procederá a facturar os gastos (aluguer do equipo, man de obra, gastos administrativos,...) ocasionados por dita revisión.

No caso de verificación de funcionamento incorrecto, o concesionario procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes aos dous meses anteriores ao momento da petición de verificación polo aboado.

Se o aboado non estivese de acordo coa comprobación realizada polo concesionario poderá solicitar da Delegación de Industria a verificación correspondente e/ou presentar a reclamación ante o Concello sendo pola súa conta os gastos derivados desta comprobación, no suposto de que a lectura fora correcta..

Artigo 31.–Contadores: outros contadores, precintos, retirada.

1. O aboado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes, estando colocados estes, detrás do contador instalado polo servizo.

2. O concesionario guiarase sen embargo para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparellos de medida do servizo, non vindo obrigado a aceptar as reclamacións que se apoien en lecturas dos contadores non instalados polo concesionario.

3. As operacións de colocar e retirar os contadores só poderán executalas os empregados do servizo, prohibíndose a calquera outra persoa facer calquera operación neles. Así mesmo queda prohibido alterar os precintos que como garantía levan colocados os contadores. Se por calquera accidente se rompese un deles pasarase inmediatamente aviso ao servizo, quen levará a efecto a reposición o antes posible.

No caso de rescisión do contrato ou de contadores colocados polo persoal distinto ao do servizo municipal de augas, o concesionario procederá a retirar o contador do aboado, o cal poderá pasar a recollelo polas súas oficinas dentro dos tres meses seguintes.

Artigo 32.–Contadores: lectura, periodicidade.

1. A lectura periódica dos contadores será realizada pola concesionaria. A lectura tomada determinará o consumo do aboado.

2. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posible a lectura do contador do aboado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos, ou por debaixo da porta de entrada do local do aboado unha tarxeta na que se reflectirá esa circunstancia e na que o aboado deberá indicar a lectura efectuada por el mesmo.

O aboado devolverá o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes das 48 horas seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos. Nese suposto, facturaríase o consumo en base o mesmo período do ano anterior, e no caso de non ter tampouco a lectura real do citado período, realizaríase a facturación como se o consumo fose cero nese período e sen que dea lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores. Admitirase así mesmo que o aboado, comunique a lectura persoal ou telefonicamente.

CAPÍTULO IV.–SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 33.–Facultades do concesionario.

1. O concesionario está facultado para a prestación dos seguintes servizos relacionados coa rede de sumidoiros:

a) Utilizar a rede pública para a captación e canalización das augas residuais ata as estacións de depuración.

b) A execución das instalacións, ampliacións, desatasques, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de rede de sumidoiros,

c) A limpeza da rede de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas a tal fin.

d) De forma transitoria, a limpeza, nos casos en que sexa posible cos medios mecánicos do servizo e sempre a costa do usuario, das fosas sépticas dos aboados ao servizo de rede de abastecemento, ata en tanto a rede pública de rede de sumidoiros non cubra a totalidade do termo municipal.

e) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a disposición polo Concello ou, no seu caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade ao seu vertido aos canles públicas.

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 34.–Obriga de conexión. Fosas sépticas.

1. Os aboados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de sumidoiros cando as súas vivendas ou instalacións se atopen fronte á rede municipa! de sumidoiros, ou a unha distancia igual ou inferior a 50,00 m (art. 7.7 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia).

Para isto solicitarán a acometida correspondente que se realizará a conta do aboado, agás que se prevexan formas de financiamento diferentes de acordo co concello.

A mesma obriga aplicarase aínda non existindo rede municipal de abastecemento de auga.

2. Para os lugares onde non exista a rede, as vivendas estarán dotadas de fosas sépticas que deberán ser periodicamente limpadas transportando os lodos xerados nas mesmas ata a estación depuradora municipal ou lugar designado polo concello para tal fin. O prezo da limpeza das fosas sépticas verase incrementado nas taxas ou prezos de vertido dos residuos ao vertedoiro público ou lugar designado polo Concello. En este senso o baleirado e tratamento das extraccións das fosas rexerase pola tarifa aprobada polo Concello.

3. E responsabilidade do aboado, como propietario da fosa séptica, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

Artigo 35.–Conexións.

Os edificios fronte aos que exista rede de colectores pública, verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente acometida sen atravesar propiedades de terceiros. Sen prexuízo do disposto no artigo 10.

Será necesario que as augas vertidas cumpran as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e, no seu caso, na lexislación vixente.

Artigo 36.–Instalación interior. Bombeo.

1. As instalacións interiores de rede de sumidoiros dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm^2.

2. Naqueles casos nos que os colectores da rede de sumidoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa o propietario ou propietarios instalarán ao seu cargo e mantemento posterior a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar o vertido á rede pública.

Artigo 37.–Vertido doutras augas.

1. Naqueles casos nos que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa rede pública de abastecemento e vertan as súas augas residuais á rede pública da rede de sumidoiros, o concesionario poderá realizar a estimación de ambos os dous caudais, ou o aboado poderá instalar un contador homologado coa que se realizará a medida exacta.

2. Naqueles casos con sotos, parcelas ou locais nos que sexa necesario debido ao nacemento de augas procedentes do subsolo (aínda que sexa limpa) ou de outros orixes (choivas, regatos, etc.) e que estas sexa necesario evacualas á rede de rede de sumidoiros, ditas augas terán a consideración de auga residual, sendo de aplicación para a facturación do caudal vertido o sinalado no punto anterior (art. 37 punto 1).

3. Está prohibido o vertido á rede pública de rede de sumidoiros de augas residuais por quen non sexa aboado ao servizo.

Artigo 38.–Normativa técnica.

As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de rede de sumidoiros axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas na normativa técnica de edificación e ao disposto no planeamento urbanístico. O concesionario non poderá aplicar outros criterios, agás que, debidamente cumprimentados foran aprobados polo Concello.

Artigo 39.–Acometidas e prolongación da rede.

1. As obras de construción e instalación das acometidas dende a fachada do inmoble ata a conexión coa rede de sumidoiros pública executaranse polo concesionario segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello.

2. A sección das conducións, tipo de rexistros e demais características rexeranse segundo as normas municipais de aplicación, ás disposicións de planificación urbanística correspondente e o exposto no artigo 21 .

3. As obras de ampliación da rede promovidas polos particulares poderá realizararse polo concesionario a cargo do solicitante, sen prexuízo do disposto no artigo 10.2.

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 40.–Arqueta de rexistro. Limpeza acometida.

1. Toda acometida á rede de sumidoiros deberá dispor dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do aboado, que permita o seu correcto mantemento.

2. A limpeza das acometidas será realizada polo concesionario, que percibirá do aboado o importe debidamente facturado por dita limpeza como contraprestación e segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello, ou no seu defecto, dita limpeza quedará cuberta pola correspondente taxa de conservación (se existe) .

Artigo 41.–Comprobacións previas.

1. Previamente á conexión á rede pública de rede de sumidoiros o concesionario realizará as comprobacións que estime necesarias para controlar que o efluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste Regulamento e que a instalación interior se axusta ás normas aplicables.

2. Se o aboado ocultase ou enmascarase as características do efluente serán de aplicación as actuacións de control e de posible suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

Artigo 42. Modificación de acometidas. Obras clandestinas.

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertido, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario e a modificación das pólizas de servizo, a que se dera lugar. As novas acometidas axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

2. En caso de que se descubrira polos servizos técnicos do Concello ou do concesionario a realización de obras de rede de sumidoiros non comunicadas ao servizo levantarase acta deste feito, propoñendo o concesionario ao Concello a actuación que corresponda.

A execución de obras de rede de sumidoiros que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste Regulamento tanto directa como indirectamente e a ocultación de datos das acometidas poderá motivar a suspensión do servizo e o cargo polo concesionario ao aboado ou usuario dun ano de utilización do servizo ás tarifas vixentes.

Artigo 43.–Instalacións en terreos privados.

1. O concesionario non asume responsabilidade algunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de condución que descorran por terreos excluídos do viario público.

2. No caso de que os Servizos de Sanidade do Concello ou das entidades públicas que correspondan, e por existir risco grave para a saúde públicas previo informe técnico sanitario en tal senso, decidisen a necesidade de executar obras de rede de sumidoiros en terreos non públicos ou labores de limpeza e desatascamento en dominios privados, o Concello poderá ordenar ao concesionario a execución destes traballos, autorizando o reparto ou derrama dos custos incorridos entre tódolos aboados e usuarios afectados.

A relación de afectados e o presuposto e custo das obras será xustificado polo concesionario ante os responsables designados polo Concello.

Artigo 44.–Conexións provisionais.

1. Nos casos en que se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicará ao construtor ou solicitante, cando fose necesario o punto autorizado polo vertido de augas residuais.

2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter materia algunha que, por si mesma ou en reacción coa auga, poida provocar atascos ou danos na condución de rede de sumidoiros, sendo responsables dos danos nos que se puidera incorrer.

3. A autorización de vertidos, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de rede de sumidoiros pública será solicitada ao concesionario nos impresos que se faciliten por este, consignándose os datos necesarios para identificación dos vertidos que se pretendan. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de rede de sumidoiros aprobada.

CONSIDERACIÓNS ACERCA DOS VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 45.–Tipos de augas residuais. Condicións.

A efectos do presente regulamento, os vertidos clasificaranse nas modalidades seguintes:

Número de anuncio 2022/1491

a) Augas residuais domésticas: as augas residuais procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficinas e talleres integrados nas vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas.

b) Augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de escorregamento pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

Artigo 46.–Suspensión de vertidos. Prohibicións.

1. As autorizacións de vertidos á rede de sumidoiros quedarán sen efecto nos seguintes casos:

a) A petición do usuario, de non existir finalmente ocupación da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como aboado do abastecemento municipal e, simultánea e consecuentemente da rede de sumidoiros. Non se admitirán baixas de aqueles aboados nos que non exista abastecemento de auga municipal, ou ben aínda existindo, teñan outros subministros alternativos. Salvo ruína declarada do inmoble.

b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do concesionario.

2. Con carácter específico, os vertidos á rede de sumidoiros axustaranse na súa composición e características ás condicións e requisitos que se indican de seguido, afectándolle as prohibicións que se expresan:

a) Ausencia total de gasolinas, naftas, petróleo e produtos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno ou de calquera outro disolvente inmiscible na auga, asi como sustancias combustibles ou inflamables.

Os talleres de automóbiles, garaxes e semellantes deberán dispor dunha arqueta de retención de graxas e aceites e os existentes carentes delas instalaranos e estarán en disposición de funcionamento nun prazo máximo de 30 días naturais dende a aprobación definitiva do presente regulamento.

b) Ausencia total de carburo cálcico e outras sustancias tóxicas potencialmente perigosas como hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos e bromatos.

c) Ausencia de compoñentes susceptibles de dar lugar a mesturas inflamables ou explosivas. A tal efecto, as medidas efectuadas cun exposímetro no punto de descarga de vertidos á rede de sumidoiros deberán dar sempre valores inferiores ao 10 por cento do límite inferior de explosión.

d) Non se permitirá o envío directo á rede de sumidoiros de gases procedentes de escapes de motores de combustión interna.

e) Non se permitirá a presenza de cantidades notables de materias sólidas, viscosas ou constituídas por partículas de gran tamaño, susceptibles de provocar obstrucións nos sumidoiros e obstaculizar os traballos de conservación e limpeza da rede, incluídos entre outras sustancias ou materiais, cinzas, carbonilla, area, barro, palla, virutas, metal, vidro, trapos, ceras e graxas semisólidas, sangue, esterco, desperdicios de animais, cáscaras e outra semellantes xa sexan enteiras ou trituradas.

f) Vertidos periódicos ou esporádicos no que debido a súa concentración, caudal, horario ou cantidade horaria de polucionantes exceda durante calquera período maior de 15 minutos e en mais de 5 veces o valor promedio en 24 horas da concentración, caudal horario ou cantidade horaria de polucionantes, e que poidan causar perturbacións no proceso de tratamento das augas residuais.

g) Concentracións de residuos radioactivos que infrinxan as regulamentacións aplicables.

h) Residuos con coloracións indesexables e non eliminables polo proceso de depuración de augas que se aplique.

i) Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción así como produtos susceptibles de precipitar ou depositarse na rede de sumidoiros ou reaccionar coas augas desta.

j) Con carácter xeral, quedará prohibido o vertido de sustancias ou materias que, por disposición da Lei 20/1986 de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos e o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da mesma, teñan a condición de tóxicos ou perigosos. Especificamente, con respecto aos talleres de automóbiles, garaxes e similares, estarase obrigatoriamente ao disposto no Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados considerados por esta regulamentación como tóxicos e perigosos.

3. A presenza nos residuos enviados á rede pública de corpos e sustancias que, aínda non sendo por si mesmos prexudiciais poidan provocar atascos na rede, obrigará a instalar a fosa de decantación correspondente. O concesionario informará ao concello destes casos, ademais de ao aboado para que a entidade pública proceda en consecuencia no caso de que o causante dos vertidos non adopte as medidas aconsellables.

Número de anuncio 2022/1491

4. En todo caso, está totalmente prohibido o vertido á rede de sumidoiros de calquera sustancia comprendida nas táboas 3 e 4, do anexo I, do Real decreto 833/1988 de 20 de xullo, e no anexo I e II do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneameno e deputación de augas residuais de Galicia.

Artigo 47.–Vertidos prohibidos.

1. Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros pública calquera dos seguintes produtos:

a) Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.

b) Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables.

c) Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas.

d) Substancias sólidas potencialmente perigosas.

e) Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.

f) Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:

1. Calquera tipo de molestia pública.
2. A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
3. A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.
4. A coloración das augas residuais de tal xeito que non se pode eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras.

g) Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar o persoal encargado da súa limpeza e conservación.

h) Residuos de natureza radioactiva.

i) Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.

j) As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:

* Dióxido de carbono: 15000 ppm.
* Dióxido de xofre: 5 ppm.
* Monóxido de carbono: 25 ppm.
* Cloro: 1 ppm.
* Ácido sulfhídrico: 10 ppm.
* Ácido cianhídrico: 4,5 ppm.

k) Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.

l) Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.

m) Residuos de orixe pecuaria.

n) Augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumpran o esixido na respectiva ordenanza ou regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións afectas ao servizo. (art. 2.c do Regulamento marco D. 141-2012).

2. Cando o concesionario deba encargarse da xestión de estacións de depuración de augas residuais, e en relación co inventario de vertidos industriais que deberá redactarse ao efecto, quedarán determinadas as sustancias que poidan perturbar a boa marcha da instalación da depuración e os tratamentos particulares que deban realizarse, no seu caso, o aboado industrial, para que lle sexa permitido o vertido á rede de sumidoiros pública.

Número de anuncio 2022/1491

3. Os danos e perdas que puideran derivarse dun vertido prohibido definido neste artigo serán imputados totalmente ao causante do mesmo, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal en que puideran incorrer.

Artigo 48.–Infraccións.

1. Está prohibida a realización de calquera tipo de vertido que poida causar efectos perniciosos na infraestrutura da rede de sumidoiros, supoña riscos para as persoas ou molestias para á colectividade.

2. A infracción do disposto no parágrafo anterior deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais que sexan do caso, dará lugar a que o concesionario, previo informe do Concello adopte as seguintes medidas:

a) A prohibición inmediata e total do vertido cando se trate de sustancias nas que o efecto prexudicial non se poida corrixir na estación depuradora.

b) A obriga de implantar o tratamento preventivo por exclusiva conta do aboado, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes aos límites permitidos.

3. O concesionario establecerá a vixilancia e comprobación regular dos vertidos e as súas concentracións, complementando os medios das entidades públicas destinados a este fin e en estreita colaboración con elas.

Descuberta polo concesionario ou por inspectores autorizados, a existencia de vertidos irregulares, levantarase acta de infracción, que será posta inmediatamente en coñecemento do Concello para a imposición das sancións administrativas ou a esixencia das responsabilidades que procedan.

CONSIDERACIÓNS PARA AUTORIZACIÓN DE VERTIDOS INDUSTRIAIS

Artigo 49.–Autorización vertidos non domésticos. Procedemento.

1. Con independencia dos requisitos de carácter xeral, que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de acometidas á rede de sumidoiros para residuos non domésticos deberán presentar ao concesionario un proxecto contendo a descrición detallada dos seus vertidos, así como a caracterización dos mesmos, realizada por laboratorio autorizado, caudal e periodicidade. Á vista dos datos aportados, o concesionario poderá autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores, sen necesidade de tratamento corrector previo.

2. Se da valoración realizada polo concesionario do proxecto citado se desprendese que non é posible a autorización dos vertidos e fose necesario establecer instalacións correctoras para axeitalos aos límites permitidos, o concesionario comunicaralle ao interesado, ordenándolle as correccións a introducir e concedéndolle un prazo que estará en razón da magnitude das mesmas.

3. De conformidade co Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, as verteduras de augas residuais non domésticas nos sistemas de saneamento ou nos sistemas de depuración serán obxecto do tratamento previo que sexa necesario para:

a) Garantir que as verteduras das instalacións de tratamento non teñan efectos nocivos sobre o ambiente e non impidan que as augas receptoras cumpran os obxectivos de calidade da normativa vixente.

b) Protexer a saúde do persoal que traballe nos sistemas de saneamento e depuración.

c) Garantir que as instalacións dos sistemas de saneamento e depuración e os equipamentos correspondentes non se deterioren.

d) Garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de tratamento de augas residuais.

e) Garantir que os lodos poidan evacuarse con completa seguridade de xeito aceptable desde a perspectiva ambientai. En ningún caso se autorizará a súa evacuación aos sumidoiros ou ao colector.

Artigo 50.–Rede interior. Obrigas.

A execución das obras e instalacións de rede de sumidoiros interiores, a súa conservación e garantía de correcto funcionamento estará a cargo dos propietarios ou titulares da industria, podendo ser comprobado o seu estado por persoal do concesionario cando sexa necesario, en razón das garantías de control e do bo servizo que estea obrigado a subministrar.

Artigo 51.–Industrias.

1. Non se permitirá a conexión ás redes de auga, nin ás de sumidoiros, ás industrias que non dispoñan de autorización, emitida en conformidade aos proxectos e informes técnicos presentados.

Número de anuncio 2022/1491

2. Se das comprobacións e análises que se efectúen ao efecto se determinara que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultaran insuficientes o usuario estará obrigado a introducir as modificacións necesarias para obter os resultados do proxecto inicial.

Artigo 52.–Análises dos vertidos.

1. As análises e probas para comprobar as características dos vertidos efectuaranse por persoal facultativo do concesionario, cos seus medios ou os que fosen necesarios, en función da caracterización, establecéndose na autorización a periodicidade mínima para manter dita autorización.

2. O concesionario utilizará os procedementos normalizados polo Concello ou administración competente para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, identificación e almacenamento de sustancias, análises dos vertidos prohibidos, separación de graxas e aceites, decantación de sólidos, etc. podendo, non obstante, os interesados propoñer un sistema de control e identificación distinto, que deberá ser previamente aprobado pola administración competente.

3. Os gastos das análises correrán a cargo do aboado, empresa ou particular que sexa causante dos vertidos ou, no seu caso, encargase a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.

4. Toda instalación que verta augas residuais non domésticas deberá localizar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta de rexistro, se é posible fóra do recinto fabril, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.

5. Na dita arqueta deberá dispoñerse, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de medida cun rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal do efluente vertido. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como medida do caudal vertido sempre que o sistema de medida de auga consumida permita obter caudais instantáneos.

Artigo 53.–Toma de mostras.

Para a toma de mostras, exame e control dos vertidos, o persoal do concesionario ou do designado polo Concello verá facilitado polos donos ou titulares das industrias o acceso ás propiedades, dependencias e instalacións nas que se produzan vertidos á rede de rede de sumidoiros pública, para realizar as medicións ou outros medios de comprobación que se estimen necesarios en relación co servizo.

CAPÍTULO V.–RÉXIME ECONÓMICO

1. FACTURACIÓN COBRO E INFORMACIÓN

Artigo 54.–Consumos.

Como norma xeral a determinación dos consumos que realice cada aboado concretarase pola diferenza entre as lecturas dos períodos consecutivos de facturación.

O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente.

O concesionario poderá modificar o tipo de tarifa a aplicar ao usuario se este usase a auga para fins distintos aos especificados no contrato.

Artigo 55.–Determinación do consumo en caso de avaria.

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior, de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo á medida aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, facturarase a media do sector do que se desenvolve o aboado en caso industrial e no caso doméstico a media da facturación.

Artigo 56.–Precintado de contadores.

1. É obrigatorio o precintado de todo o aparato de medida en canto que as súas lecturas serven de base de liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:

a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.

Número de anuncio 2022/1491

b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.

c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidera alterar o seu bo funcionamento.

2. O aboado nunca poderá manipular o aparello de medida nin o seu precinto. A súa instalación e precintado será realizado sempre polo persoal do concesionario.

Artigo 57. Conservación do contador.

É obriga do aboado a conservación en bo estado do aparello de medida e do recinto no que se aloxa así como do acceso ao mesmo.

Artigo 58.–Suxeito pasivo.

Os impostos, taxas, arbitraxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, provincia, Concello ou calquera administración pública, que graven dalgunha forma, ben a documentación que sexa necesaria formalizar para subscribir un contrato de subministro, ou ben o subministro en si mesmo, así como calquera outra circunstancia relacionada con este, serán por conta do aboado.

Artigo 59.–Facturación. Devolucións.

1. A facturación do servizo de abastecemento, rede de sumidoiros e depuración dunha vivenda ou local farase nun só recibo a nome do aboado do abastecemento e polo mesmo período de facturación para tódolos servizos.

2. Nos casos de comunidade de propietarios con contador colectivo xeral, a facturación do servizo de rede de sumidoiros e depuración farase no mesmo recibo de abastecemento e con cargo á comunidade.

3. O aboado poderá facer efectivos os importes facturados polo concesionario preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, ou, no seu defecto nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

4. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

Dúas devolucións consecutivas poderá dar lugar á anulación da domiciliación bancaria.

Pasado o período voluntario sen facer efectivo o correspondente recibo, isto será causa de iniciación do expediente de suspensión de subministro, sen prexuízo de que o importe non pagado quede incluído en procedemento de apremio.

Para os casos de morosidade no aboamento dos recibos, o concesionario tramitará a xestión da suspensión de subministro. Correrán a cargo do aboado os gastos de dita xestión (elaboración de comunicados, certificado de correos, etc.) si se realizase o pagamento antes de efectuarse a suspensión, así como os de reposición de subministro no caso de que o suspensión se levase a cabo.

No caso de rotura de precintos por parte do aboado, este feito será notificado mediante o expediente correspondente ao Concello e, agás os supostos de caso fortuíto, o infractor será penalizado cunha sanción igual ao importe do subministro correspondente a 12 meses polo mínimo de consumo e/ou importe da cota de servizo na tarifa contratada.

Os recibos de cobro do subministro serán emitidos polo Servizo Municipal de Augas.

Artigo 60.–Información ao usuario.

O aboado poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobación de contador, cobros, tarifas aplicadas, e en xeral sobre toda cuestión relacionada co subministro que se houbera xerado nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

Artigo 61.–Devolución de ingresos indebidos.

1. O aboado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberán ser devoltas polo concesionario no prazo de 10 días dende a emisión do informe da concesionaria ao respecto, unha vez que se comprobe o erro da facturación, de medida, ou calquera outra causa que o provocase.

2. Cando o aboado presente unha reclamación por escrito para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos da reclamación, e acompañarase á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que o caso corresponda.

Artigo 62.–Reclamación.

Non será atendida ningunha reclamación sobre o consumo de auga que non sexa formulada polo aboado ou persoa que o represente legalmente e debidamente acreditada.

Número de anuncio 2022/1491

Artigo 63.–Vixilancia.

1. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e forma en que os aboados utilizan o servizo de abastecemento e rede de sumidoiros e depuración.

2. A negativa a facilitar a entrada en horas hábiles ás persoas autorizadas polo concesionario para efectuar ditas comprobacións, xustificarase mediante a presenza dun axente da autoridade ao único efecto de que sexa testemuña da negativa.

Artigo 64.–Baixa.

Cando o aboado desexe causar baixa no subministro, virá obrigado a aboar todos os recibos pendentes e o importe total da facturación do mes en que cause baixa.

2.–INSPECCIÓN, SANCIÓNS E RECLAMACIÓNS

Artigo 65.–Inspeccións.

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflictirase nun documento, no que quedarán identificados o nome e domicilio do aboado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia deste documento, asinada polo inspector entregarase ao aboado.

2. Os inspectores ao efecto deberán invitar ao aboado, o persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine o documento, podendo o aboado facer constar, coa súa sinatura, as manifestación que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente, O aboado poderá dirixirse, posteriormente, dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á dirección do concesionario. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo aboado titular ou quen acredite a súa representación.

Artigo 66.–Tipos de fraude. Liquidación.

1. O concesionario en posesión do documento formulará a liquidación de fraude, distinguíndose a efectos da devolución e as responsabilidades do fraude, os seguintes casos:

a) Que non exista contrato algún para o subministro de auga.

b) Que por calquera procedemento, manipulárase ou alterárase o rexistro do contador ou aparello de medida.

c) Que se houberan realizado derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos da seguinte forma:

Caso a.–Formulará unha liquidación por fraude que incluirá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspóndese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de polo menos un mes, ou ben o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se solucionara a existencia de fraude detectado sen que poida estenderse en total, a máis dun período de facturación.

Caso b.–Si se falsearon as indicacións do contador ou aparello de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar en 8 horas diarias dende a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo non exceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo fosen aboados polo autor do fraude.

Caso c.–Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparello do contador, liquidarase como no caso primeiro, de non existir contrato de subministro e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

Caso d.–Neste caso, a liquidación da auga utilizada en forma indebida practicarase en favor do concesionario aplicando ao consumo a diferenza entre a tarifa correspondente ao uso real que se está dando á auga e as que, en dito período, se aplicaran en base ao uso contratado. Dito período non poderá ser considerado en méis dun ano.

3. En todos os casos, o importe do fraude deducido de acordo aos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos que lle foran repercutibles, debéndose consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

Número de anuncio 2022/1491

4. As liquidacións que formule o concesionario serán notificadas aos interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións ante o Concello ou ben ante o organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar dende a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

Artigo 67.–Sanción.

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións aos infractores, conforme ao previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos e das responsabilidades de orde penal que procederan.

Artigo 68.–Control do concesionario. Reclamacións.

1. O concesionario queda sometido permanentemente ao control do Concello de Valdoviño, que mediante os seus servizos técnicos ou económicos poderán revisar as instalacións, os traballos e a documentación do concesionario en calquera momento.

2. Os usuarios poderán presentar reclamacións de queixa contra a actuación do concesionario no prazo de 15 días dende a notificación ou realización do acto litixioso por parte da empresa. Estas reclamacións poderán presentarse indistintamente:

a) Ante o propio concesionario, que a reflectirá nun libro foliado e dilixenciado polo Concello, procedendo á súa remisión ao Concello nun prazo máximo de 48 horas xunto co seu informe.

b) Ante os organismos competentes.

As reclamacións serán resoltas pola Alcaldía, esgotando a vía administrativa.

Disposición transitoria única

O réxime establecido neste regulamento, aplicable no caso de fugas accidentais será efectivo con carácter retroactivo de 5 anos.

Disposición derrogatoria

Derróganse cantas disposicións anteriores se opoñan ao preceptuado neste regulamento.

Disposición derradeira primeira

Nos termos non contemplados, estarase o disposto na lexislación vixente aplicable.

Disposición derradeira segunda

Todos os aspectos relacionados coa calidade da auga de consumo rexeranse polo establecido no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, transcorrido en todo caso o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

En Valdoviño, 21 de marzo de 2022.

O alcalde

Asdo.: Alberto González Fernández

2022/1491

Número de anuncio 2022/1491